Facultad de Ciencias

Grado en Ciencias Ambientales

Asignaturas			
Curso 1			
Código	Nombre	Cuatrimestre	Cr.totales
O01G260V01101	Biología: Biología	1c	6
O01G260V01102	Física: Física	1c	6
O01G260V01103	Matemáticas: Matemáticas	1c	6
O01G260V01104	Química: Química	1c	6
O01G260V01105	Geología: Geología	1c	6
O01G260V01201	Física: Ampliación de física	2c	6
O01G260V01202	Matemáticas: Ampliación de matemáticas	2c	6
O01G260V01203	Química: Ampliación de química	2c	6
O01G260V01204	Informática: Informática	2c	6
O01G260V01205	Legislación ambiental	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS

Bioloxía: Bioloxía

Asignatura	Bioloxía: Bioloxía			
Código	O01G260V01101			
Titulacion	Grao en Ciencias Ambientais			
Descriptores	Creditos ECTS	Seleccione	Curso	Cuatrimestre
	6	FB	1	1c
Lengua Impartición				
Departamento	Bioloxía vexetal e ciencias do solo			
Coordinador/a	Seijo Coello, María del Carmen			
Profesorado	Fernández González, María Seijo Coello, María del Carmen			
Correo-e	mcoello@uvigo.es			
Web				
Descripción general				

Competencias de titulación

Código	
A1	CE1 - Coñecer e comprender os fundamentos físicos, químicos e biolóxicos relacionados co medio e os seus procesos tecnolóxicos.
B1	CG1 - Capacidade de análise e síntese.
B2	CG2 - Capacidade de organización e planificación.
B6	CG6 - Adquirir capacidade de resolución de problemas.
B11	CG11 - Habilidades de razoamento crítico.
B20	CG20 - Sensibilidade cara a temas ambientais.

Competencias de materia

Resultados previstos en la materia	Resultados de Formación y Aprendizaje	
(*)(*)	A1	B1 B2 B6 B11 B20

Contidos

Tema	
Introduc¡ón a ciencia da bioloxía	A bioloxía como ciencia Moléculas esencias para a vida
Bioloxía celular e histoloxía	As células como elementos vitais. Tipos celulares. Ciclo celular e reprodución celular. Tecidos animais e vexetais.
Diversidade dos organismos.	Diversidade biolóxica e clasificación. Características principais dos organismos do reino monera. Características principais de protistas. Características principais de fungos. Plantas vasculares. Plantas non vasculares. Grupos de animais e características diferenciais
Materia e enerxía nos seres vivos.	Metabolismo. Fotosíntese.
Xenética	Estrutura do xene e transferencia da información xenética. Herdanza. Introdución á enxeñería xenética. Introdución a biotecnoloxía

Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Seminarios	14	14	28
Prácticas de laboratorio	15	30	45
Sesión maxistral	28	46	74
Probas de tipo test	1	0	1
Probas de resposta curta	1	0	1
Informes/memorias de prácticas	0.5	0	0.5
Traballos e proxectos	0.5	0	0.5

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descripción

Seminarios	Trátanse temas relacionados con cada un dos bloque temáticos. Consistirá na lectura e interpretación de textos que poden implicar ou non a resolución de problemas. Nalgúns casos, os seminarios derivarán na elaboración de traballos tutelados.
Prácticas de laboratorio	Realizaranse prácticas de microscopía e de observación de distintos grupos de organismos.
Sesión maxistral	Resumiranse os apartados que se pretende sexan a formación básica dos estudantes na materia.

Atención personalizada

Metodologías	Descripción
Seminarios	Atención a posibles dúbidas e conflitos que os estudantes teñan en relación coa materia.
Prácticas de laboratorio	Atención a posibles dúbidas e conflitos que os estudantes teñan en relación coa materia.
Sesión maxistral	Atención a posibles dúbidas e conflitos que os estudantes teñan en relación coa materia.
Pruebas	**Descripción**
Probas de tipo test	Atención a posibles dúbidas e conflitos que os estudantes teñan en relación coa materia.
Probas de resposta curta	Atención a posibles dúbidas e conflitos que os estudantes teñan en relación coa materia.
Informes/memorias de prácticas	Atención a posibles dúbidas e conflitos que os estudantes teñan en relación coa materia.
Traballos e proxectos	Atención a posibles dúbidas e conflitos que os estudantes teñan en relación coa materia.

Avaliación

	Descripción	Calificación
Probas de tipo test	Cuestións relativas á formación proporcionada durante as clases maxistrais e os seminarios.	30
Probas de resposta curta	Cuestións relativas á formación proporcionada durante as clases maxistrais e os seminarios.	40
Informes/memorias de prácticas	Actitude durante a realización e calidade da actividade.	10
Traballos e proxectos	Actitude durante a realización e calidade da actividade.	20

Otros comentarios sobre la Evaluación

Os estudantes que non asistan ás clases prácticas e os seminarios deberán xustificar debidamente o motivo polo que non poden asistir a estas actividades. Para estes estudantes o sistema de avaliación será similar na puntuación pero deberán realizar ademáis outras actividades académicas como resolución de casos prácticos e problemas que acordarán, segundo o caso, co profesor responsable da materia.

Para segunda convocatoria e posteriores manterase as calificacións parciais obtidas polo estudante. A excepción das correspondentes as probas de tipo test e de resposta curta (70% da calificación).

Bibliografía. Fontes de información

Básicas:

PANIAGUA R., NISTAL M, SESMA P., ALVAREZ-URÍA M., FRAILE B., ANADÓN R. & SAÉZ F. J. (2003). *Biología celular.* 2ª edición. Ed. McGraw-Hill Interamericana. Madrid, 381 pp.

BERNSTEIN R. & BERNSTEIN S. (1998). *Biología*. 10ª edición. McGraw-Hill, Santa Fé de Bogota, 729 pp.

PANIAGUA GÓMEZ-ALVAREZ R. (2002). *Citología e Histología vegetal y animal*: *biología de las células y tejidos animais y vegetales*. 3ª edición. Ed. McGraw-Hill Interamericana, Madrid, 970 pp.

Información Complementaria:

JUNQUEIRA L. C. & CARNEIRO J. (2000). *Histología básica*. 5ª edición. Ed. Mason, Barcelona, 490 pp.

CURTIS H. & BARNES N. S. (2000). *Biología .* 6ª edición. Ed. Médica panamericana, Madrid, 1491 pp.

Recomendacións

Otros comentarios

Non hai recomendacións específicas.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Física: Física				
Asignatura	Física: Física			
Código	O01G260V01102			
Titulacion	Grao en Ciencias Ambientais			
Descriptores	Creditos ECTS	Seleccione	Curso	Cuatrimestre
	6	FB	1	1c
Lengua Impartición				
Departamento	Física aplicada			
Coordinador/a	Tovar Rodríguez, Clara Asunción			
Profesorado	Cerdeiriña Álvarez, Claudio González Salgado, Diego Tovar Rodríguez, Clara Asunción Troncoso Casares, Jacobo Antonio			
Correo-e	tovar@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es/			
Descripción general	1. Introdución á materia e contextualización 1.1. Perfil dos créditos da materia Esta materia proporciona ó alumno os conceptos básicos da Física que lle serán útiles para a comprensión das restantes materias específicas do campo das Ciencias ambientais. Tamén prepara ó alumno para tratar cientificamente datos experimentais obtidos no laboratorio, e iniciarse no manexo do método científico como ferramenta básica que lle vai permitir coller soltura na descrición e análise dos datos experimentais. 1.2. Situación e relacións no plan de estudios A materia de Física é unha disciplina de formación básica do primeiro curso do Grao en Ciencias Ambientais, que pertence ao primeiro cuadrimestre e consta de 6 créditos ECTS. Esta materia vaise completar con «Ampliación de Física», que vai ser cursada no segundo cuadrimestre, e que ten os mesmos créditos. O obxectivo xeral que se persegue coa materia de Física é ofrecerlle ao estudiante unha presentación lóxica e unificada da Física a nivel introductorio, facendo énfase nas ideas básicas que constitúen o fundamento da Física e introducindo o estudiante no método científico, así como no emprego de fontes bibliográficas e técnicas de documentación. Así mesmo, perséguese espertar ou manter no alumno unha actitude de observación científica que o impulse a afondar nos coñecementos da natureza e a desenvolver a súa capacidade crítica, satisfacendo á súa vez o desexo de coñecementos que xa posúa. Como obxectivos xerais a conseguir coa materia de Física pódense enumerar os seguintes: 1.- Proporcionar ó alumno os conceptos físicos fundamentais para capacitalo no traballo coas diferentes magnitudes escalares e vectoriais. 2. Transmitir ao alumno a importancia da Física pola estreita relación existente coas demais disciplinas, particularmente cos parámetros físicos que vai empregar no futuro para expresar a contaminación ambiental, tanto de fluidos gaseosos como en fase líquida. Tratando sempre de que o alumno adquira unha visión unitaria da materia, hase intentar que esta apareza conectada coas demais disciplinas relacionadas. 3.- Tendo en conta que a Física consiste nun curso que posteriormente, será ampliado na materia do segundo cuadrimestre «Ampliación de Física», é interesante a comunicación co profesorado que impartirá a dita materia para que teña un coñecemento detallado do contido impartido na materia de «Física» e poida así adecuar os contidos axeitadamente. 4. É interesante darlle materia de «Física» unha visión práctica que non pode reducirse unicamente ao traballo de aula. As experiencias no laboratorio han desempeñar un papel esencial na materia, con dous obxectivos fundamentais: o afianzamento nos alumnos dos coñecementos básicos desenvolvidos nas clases teóricas e a adquisición da destreza experimental necesaria para o traballo de laboratorio. O ideal é que o alumno sexa capaz de utilizar a información teórica e experimental adquirida durante o curso para tratar de resolver problemas novos que lle poidan aparecer no futuro.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	CE1 - Coñecer e comprender os fundamentos físicos, químicos e biolóxicos relacionados co medio e os seus procesos tecnolóxicos.
B1	CG1 - Capacidade de análise e síntese.
B4	CG4 - Coñecementos básicos de informática.
B6	CG6 - Adquirir capacidade de resolución de problemas.
B11	CG11 - Habilidades de razoamento crítico.
B13	CG13 - Aprendizaxe autónoma.

B14	CG14 - Adaptación a novas situacións.
B15	CG15 Creatividade.

Competencias de materia

Resultados previstos en la materia	Resultados de Formación y Aprendizaje	
Estimular unha aprendizaxe significativa, que optimice as capacidades cognitivas dos alumnos	A1	
Capacidade de síntese e análise de información.		B1
Motivación para a aprendizaxe autónoma.		B13
Adquisición de espírito crítico.		B11
Habilidade para manexar plataformas de teledocencia.		B13
Capacidade para expor e presentar traballos de forma oral e escrita.		B15
Manexo de campos escalares e vectoriais.	A1	
Comprensión de conceptos básicos da cinemática e da mecánica.	A1	
Coñecementos de técnicas matemáticas para a resolución de problemas físicos.	A1	
Formulación e resolución analítica de problemas académicos.		B6
Familiarizarse co material de laboratorio.		B14
Toma de contacto con computadores como ferramentas complementarias.		B4

Contidos

Tema	
1. Campos escalares e vectoriais.	1.1 Magnitudes físicas: dimensións e unidades. 1.2 Tipos de vectores. Operacións vectoriais. 1.3. Noción de campo físico: clasificación e representación gráfica. 1.4 Gradiente dun campo escalar. 1.5 Campos de forzas conservativos. O potencial. 1.6 Fluxo e circulación dun campo vectorial. 1.7 Diverxencia dun campo vectorial. Significado físico. Teorema de Gauss. 1.8 Rotacional dun campo vectorial: teorema de Stokes. Significado físico.
2. Cinemática do punto.	2.1 Vector desprazamento. 2.2 Derivada dun vector respecto ó tempo. Velocidade (media, instantánea e relativa). 2.3 Aceleración. Compoñentes intrínsecas. 2.4 Tipos de movementos: rectilíneo, circular, armónico simple.
3. Dinámica da partícula.	3.1 Lei da inercia. 3.2 Principio fundamental da dinámica. 3.3 Forza da gravidade: o peso. 3.4 Terceira lei de Newton. 3.5 Traballo e enerxía mecánica. Principio de conservación. 3.6 Forzas disipativas.
4. Dinámica dos sistemas de partículas.	4.1 Centro de masas. Movemento do centro de masas. 4.2 Momento lineal. Principio de conservación. 4 3 Traballo e enerxía mecánica dun sistema de partículas. Principio de conservación 4.4 Dinámica de colisisions.
5. Sólido ríxido.	5.1 Velocidade e aceleración angular. 5.2 Momento de inercia 5.3. Momento dunha forza e momento angular. Principio de conservación. 5 4 Enerxía cinética de rotación.
6. Mecánica de Fluidos	6.1 Densidade. Presión. Principio fundamental da hidrostática. 6.2 Flotación e principio de Arquímedes. 6.3 Tensión superficial e capilaridade.

Programa de prácticas

1.- Teorema de Steiner.

2.- Dinámica de fluidos.

3.- Momento dunha forza, momento angular.

4.- Lei de Arrhenius.

5- Fenómenos de superficie.

6.-Oscilador armónico

7.- Estudio da dinámica do Péndulo simple

8.- Análise do principio da conservación da enerxía (disco de Maxwell).

9.- Determinacion da constante dun resorte elástico.

1.- Comprobación experimental do teorema de Steiner. Medida dos momentos de inercia de distintas figuras xeométricas: barra, esfera, disco perforado.

2.- Dinámica de fluidos: comprobación experimental da lei de Hagen-Poiseuille. Determinación experimental da viscosidade da auga a temperatura ambiente.

3.- Determinación experimental do momento de inercia dun disco, a partires do momento exercido por unha forza transmitida por un fío ata o disco rotante.

4.- Medida da influencia da temperatura na viscosidade dun fluido en fase líquida, utilizando o viscosímetro Höppler.

5- Obtención da tensión superficial da auga empregando o método do anello de Nouy.

6.- Análise cualitativa do comportamento dun oscilador armónico amortiguado e forzado.

7.- Estudio da influencia da masa e da lonxitude da corda no período do péndulo simple.

8.- Análise da mecánica do disco de Maxwell: principio da conservación da enerxía mecánica.

9.- Estudio da influencia da masa e da rixidez do resorte no período do mesmo.

Planificación

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Sesión maxistral	30	60	90
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Seminarios	15	15	30

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descripción
Sesión maxistral	Exposición dos fundamentos teóricos, que o alumno precisa coñecer, para realizar as prácticas de laboratorio e resolver problemas, exercicios e cuestions curtas, de Física básica. A teoría impartirase empregando o método expositivo, ó mesmo tempo que se invitará ó alumnado a participar directamente, na exposicion dos contidos, mediante preguntas curtas individuais, que estimulan a atención dos alumnos e confiren maior dinamismo ás sesions maxistrais.
Prácticas de laboratorio	As prácticas impartiranse no laboratorio durante unha semana, coa finalidade de que os alumnos adquiran as destrezas propias do método científico: observacion, experimentación, tratamento dos datos e análise numérica dos resultados. Esas sesións prácticas irán precedidas dunhas clases onde se lles indicará o método de cálculo das incertidumes, experimentais e estadísiticas.
Seminarios	Realización de exercicios que previamente teñan asignados para que os presenten e defendan diante dos seus compañeiros.

Atención personalizada

Metodologías	**Descripción**

Sesión maxistral	Tanto nas clases de teoría como nas prácticas de laboratorio e nos seminarios, farase un seguimento persoal de cada alumno, tratando de resolver as dúbidas que lle xurdirán, no seu proceso de aprendizaxe significativa. Ademais fomentarase o espíritu racional, para que cada rapaz teña oportunidade de desenrolar axeitadamente as suas facultades cognitivas, segundo o nivel de coñecementos que posua. Esta atención persoalizada desenvolverase presencialmente (directamente na aula) e tamén de forma individualizada, nas horas de titoría con cada profesor no seu despacho. Para aqueles que o soliciten, tamén se poderá realizar mediante correo electrónico. O obxectivo é tratar a cada rapaz coma se fora único, tendo en conta as suas peculiares circuntancias persoais, circunstancias que poidan influir no seu rendemento académico.
Seminarios	Tanto nas clases de teoría como nas prácticas de laboratorio e nos seminarios, farase un seguimento persoal de cada alumno, tratando de resolver as dúbidas que lle xurdirán, no seu proceso de aprendizaxe significativa. Ademais fomentarase o espíritu racional, para que cada rapaz teña oportunidade de desenrolar axeitadamente as suas facultades cognitivas, segundo o nivel de coñecementos que posua. Esta atención persoalizada desenvolverase presencialmente (directamente na aula) e tamén de forma individualizada, nas horas de titoría con cada profesor no seu despacho. Para aqueles que o soliciten, tamén se poderá realizar mediante correo electrónico. O obxectivo é tratar a cada rapaz coma se fora único, tendo en conta as suas peculiares circuntancias persoais, circunstancias que poidan influir no seu rendemento académico.
Prácticas de laboratorio	Tanto nas clases de teoría como nas prácticas de laboratorio e nos seminarios, farase un seguimento persoal de cada alumno, tratando de resolver as dúbidas que lle xurdirán, no seu proceso de aprendizaxe significativa. Ademais fomentarase o espíritu racional, para que cada rapaz teña oportunidade de desenrolar axeitadamente as suas facultades cognitivas, segundo o nivel de coñecementos que posua. Esta atención persoalizada desenvolverase presencialmente (directamente na aula) e tamén de forma individualizada, nas horas de titoría con cada profesor no seu despacho. Para aqueles que o soliciten, tamén se poderá realizar mediante correo electrónico. O obxectivo é tratar a cada rapaz coma se fora único, tendo en conta as suas peculiares circuntancias persoais, circunstancias que poidan influir no seu rendemento académico.

Avaliación

	Descripción	Calificación
Sesión maxistral	Realizarase un exame que inclua cuestions teóricas, exercicios e problemas, de acordo con exposto nas clases teóricas e seminarios.	65
Prácticas de laboratorio	Vaise avaliar o traballo individualizado no propio laboratorio, xunto cun cuestionario onde se plantexarán cuestions sobre as distintas experiencias feitas no laboratorio, e tamen unha proba escrita.	25
Seminarios	Avaliación continua dos alumnos que fagan regularmente tódalas actividades propostas na clase. Resolución de boletíns, tanto de problemas como de exercicios e cuestions teóricas para que os alumnos demostren a sua capacidade argumentativa.	10

Otros comentarios sobre la Evaluación

A realización das prácticas vai ser imprescindible para que o alumno poida aprobar.

Bibliografía. Fontes de información

TIPLER P. A., **Física**, Reverté,

AGUILAR, J. y CASANOVA J., **Problemas de Física**, Aguilar,

Martín Bragado, I., **Física General**, http://www.ele.uva.es/,

Serway, R.A., **Física para ciencias e ingenierías**, Thomson,